



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

SECRETARÍA

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

C E R T I F I C O: que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día **26 de xuño de 2009**, adoptou o seguinte acordo:

**SOLICITUDE DE D. JAVIER BOBE VÁQUEZ DE AUTORIZACIÓN DE
COMPATIBILIDADE PARA OS CARGOS DE CONSELLEIRO DE
ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE PROVINCIAL DE
AUGAS E MEDIO AMBIENTE, SA E SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO
AMBIENTE, SA**

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Autorizar a don Javier Bobe Vázquez, xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial, a compatibilización dos postos de conselleiro dos seguintes consellos de administración:
 - Sociedade Urbanística Provincial de Ourense, SA.
 - Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA.
 - Sociedade Galega de Medio Ambiente, SA.

A pertenza ós ditos órganos de administración serao na súa condición de representante do sector público (Deputación Provincial de Ourense nos casos da Sociedade Urbanística Provincial de Ourense, SA e Aquaourense Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, e da Xunta de Galicia no caso da Sociedade Galega de Medio Ambiente) e suxeitarase en todo momento ás condicións que establece a lexislación de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas que resulte de aplicación.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido este certificado en Ourense, o vinte e seis de xuño de dous mil nove.

V. e pr.

O PRESIDENTE,